



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Silleda o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O acondicionamento e mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece co Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira de Silleda, único con estas características que necesita do acondicionamento necesario para poder ofrecer un





servizo permanente durante todo o ano á poboación do concello e tamén a usuarios de concellos limítrofes; para elo cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ó uso das fontes de coñecemento e da cultura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de agosto de 2016

